



OBRADOIRO DO ESPECTADOR

OUTUBRO NOVEMBRO DECEMBRO 2009

A **Rede Municipal de Centros Socioculturais** presenta **Obradoiro do Espectador**, unha proposta do **Grupo Chévere**, compañía residente na **Sala NASA**.

Esta segunda edición do Obradoiro do Espectador consolídase como axente **mediador entre arte e sociedade**, facilitando a comunicación artística, mellorando a comprensión e o goce das obras, ademais de ampliar o escenario creativo de Santiago de Compostela.

Unha ocasión para compartir en grupo a experiencia do teatro, e recibir as claves que permiten **comprender os códigos narrativos e formais** das artes escénicas máis contemporáneas.

O contacto directo cos artistas a través das obras do programa, permite **ollar no interior do mundo teatral** e ampliar o coñecemento das artes escénicas.

OBRADOIRO DO ESPECTADOR

Dirixe Xesús Ron, director da Sala NASA e do Grupo Chévere.

ACTIVIDADES

Asistencia a espectáculos A parte fundamental do obradoiro é, por suposto, a asistencia a un espectáculo cada mes. As persoas participantes no obradoiro recibirán entradas para poder asistir ás representacións.

Encontro cos creadores Como complemento á asistencia aos espectáculos, propoñemos realizar un coloquio inmediatamente despois de ver a obra, con participación dos membros da compañía e dos espectadores participantes no obradoiro.

Adestramento do espectador Estas sesións de adestramento, funcionan como preparación antes da obra. Desenvólvense unha vez por mes antes de asistir aos espectáculos. As sesións son de 1 hora e media de duración, ofrecendo claves que facilitan a comprensión da obra que imos ver, situando o autor e a compañía no seu contexto histórico e estético.

LUGARES

As sesións de adestramento terán lugar nos **centros socioculturais**. Os espectáculos e o encontro cos creadores terán lugar na **Sala NASA**.

PREZO

Público xeral: 8 € cada obradoiro.

Tripulantes Sala Nasa: 3 € cada obradoiro.

O prezo dos obradoiros, inclúen cadansúa entrada para a representación na **Sala NASA**

INSCRÍBETE

Do **28 de setembro** ata un día antes do inicio de cada obradoiro, ou completar as prazas dispoñibles. A recepción de inscricións faise nos **centros socioculturais** e na **Sala Nasa**.

INFORMACIÓN

CSXM O Ensanche 981.543.001

Sala Nasa 981.573.998

ENDEREZOS

Sala NASA Rúa San Lourenzo 51-53 B.

CSXM O Ensanche R. Frei Rosendo Salvado 14.

CSC José Saramago Vite Rúa Carlos Maside 7.

CSC Fontiñas Rúa Berlín 13.

CSC Castiñeiriño Virxe de Fátima 1.

CSC A Trisca Corredoira das Fraguas 92.

CSC de Conxo Plaza de Aurelio Aguirre 1.



testosterona

COMPANÍA Chévere (Santiago de Compostela)

Testosterona forma parte dun proxecto de creación escénica e intervención cultural sobre identidade e construción de xénero. É unha obra de teatro que cuestiona a división normativa da sociedade en dous sexos e formula a posibilidade dun xénero modificable e flexible. Ciencia, hormonas, leis, armarios, tecnoloxía, educación, natureza, industria, cultura, capital, rock'n'roll, política..., todo se confabula para artellar esta peculiar ditadura de xénero que nos domina.

Testosterona é un exorcismo emancipador e teatral que se sirve tanto da música en directo, da performance, do transformismo, da comedia, do naturalismo, do vídeo, como do silencio, a pouca luz ou a simple blasfemia.

É unha das seis obras escollidas para participar na **Red Estatal de Teatros Alternativos** na tempada 2009-2010.

Temas de referencia

A compañía Chévere, usos e códigos narrativos contemporáneos (performance, poesía, vídeo, música...), outras cuestións de xénero: multitudes Queer, políticas do corpo, intersexualidade...

Sesión de adestramento

Martes **13 de outubro** ás 20.00 h.

En O Ensanche.

Representación

Venres **16 de outubro** ás 21.30 h.

Na Sala NASA.

Encontro cos creadores

Venres **16 de outubro** ás 23.15 h.

Na Sala NASA.



memoria del jardín

COMPANÍA Magrinyana (Madrid)

Memoria del jardín é un relato a tres voces, tres monólogos cruzados ou un diálogo inevitable entre un home e unha muller, co transfondo dunha enfermidade aparentemente terminal. En escena escoitase unha terceira voz que convirte a saída do hospital nunha viaxe, unha liberación, unha fuxida, un inesperado triunfo sobre a morte.

Antonio Fernández Lera é escritor, director de escena, editor e tradutor. Escribiu e dirixiu: *Plomo caliente* (Magrinyana, 1998); *Monos locos y otras crónicas* (Magrinyana, 2000); *Mátame, abrázame* (Magrinyana, 2002); *Las islas del tiempo* (Magrinyana, 2004); *Agamenón, de Rodrigo García* (Magrinyana 2008); *Memoria del jardín* (Magrinyana, 2008-2009). É o editor da colección Pliegos de Teatro y Danza, na que se publican os textos de Rodrigo García, Carlos Marquerie, Elena Córdoba, entre outros.

Temas de referencia

Autores como Fdez Lera, Carlos Marquerie, Rodrigo García, o teatro posdramático, a escena contemporánea en Madrid.

Sesión de adestramento

Martes **3 de novembro** ás 20.00 h.

No CSC José Saramago Vite.

Representación

Venres **6 de novembro** ás 21.30 h.

Na Sala NASA.

Encontro cos creadores

Venres **6 de novembro** ás 23.00 h.

Na Sala NASA.



aviadoras

COMPANÍA Duelirium (Santiago de Compostela)

Aviadoras é o título do segundo espectáculo de teatro aéreo da compañía **Duelirium**, formada por Raquel Oitavén e Mercè Solè.

Aviadoras é unha historia para desafiar límites, dimensións e deixarse elevar cara un mundo cheo de novas posibilidades, explorando novos elementos de circo aéreo.

Aviadoras é, ademais, unha homenaxe ás dúas intrépidas voadoras de principios do Século XX: Tiny Broadwick e Christine Granville. Unha historia onde dúas mulleres se atopan entre as nubes para caer nunha perda coordinada descoñecida. Elas farán todo o que estea nas súas mans para elevarse cara ao horizonte. Investigarán, probarán e retorcerán as súas cabezas para descubrir un mundo de posibilidades.

Temas de referencia

O circo aéreo e o Novo Circo, a xove escena circense galega, as relacións entre ciencia, tecnoloxía e teatro.

Sesión de adestramento

Martes **1 de decembro** ás 20.15 h

No CSC As Fontiñas.

Representación

Sábado **5 de decembro** ás 21.30 h.

Na Sala NASA.

Encontro cos creadores

Sábado **5 de decembro** ás 23.00 h.

Na Sala NASA.



OBRADOIRO DO **ESPECTADOR**

OUTUBRO NOVEMBRO DECEMBRO 2009

A *Rede Municipal de Centros Socioculturais* presenta
Obradoiro do Espectador, unha proposta do *Grupo Chévere*,
compañía residente na *Sala NASA*.

Esta segunda edición do Obradoiro do Espectador consolídase como
axente *mediador entre arte e sociedade*, facilitando a
comunicación artística, mellorando a comprensión e o goce das obras,
ademais de ampliar o escenario creativo de Santiago de Compostela.

Unha ocasión para compartir en grupo a experiencia do teatro, e recibir
as claves que permiten *comprender os códigos narrativos e formais*
das artes escénicas máis contemporáneas.

O contacto directo cos artistas a través das obras do programa,
permite *ollar no interior do mundo teatral* e ampliar
o coñecemento das artes escénicas.

INFORMACIÓN www.compostelacultura.org | www.salanasa.com | www.santiagosociocultural.org
CSXM O Ensanche | Frei Rosendo Salvado, 14 | 981.543.001
Sala Nasa | Rúa San Lourenzo, 51-53 B | 981.573.998

